



APLICADAS Á DIDÁCTICA

CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL DE RIBEIRA ENRIQUE PAISAL

PROGRAMACIÓN DE TÉCNICAS DE COMPOSICIÓN APLICADAS Á DIDÁCTICA – CURSO 2024/2025

Contenido

1	INTRODUCCIÓN.....	4
1.1	Fundamentación legal.....	4
2	OBXECTIVOS XERAIS.	5
3	CONTIDOS.....	6
3.1	Secuenciación e temporalización dos contidos por avaliación.	7
3.1.1	1ª avaliación:	7
3.1.2	2ª avaliación:	7
3.1.3	3ª avaliación:	7
4	METODOLOXÍA.	7
4.1	Modelo de aprendizaxe.	7
4.1.1	Atención á diversidade.	8
5	ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE).....	8
6	AVALIACIÓN.....	9
6.1	Criterios de avaliación.....	9
6.2	Procedementos de avaliación.....	10
6.2.1	Mínimo esixible	11
6.3	Criterios de cualificación.....	11
7	BIBLIOGRAFÍA.	12



1 INTRODUCCIÓN

A presenza no grao superior da especialidade de pedagogía da linguaxe e da educación musical e a inclusión na proba de acceso a esta especialidade dun exercizo compositivo con fins didácticos xustifica a idoneidade desta asignatura optativa no 6º curso do Grao Profesional, resultando tamén un reforzo para o alumnado que desexa acceder a outras especialidades que inclúan algún tipo de exercizo de composición.

Desenrolar no alumnado a capacidade de decidir que procedementos das técnicas compositivas son os máis adecuados para cada momento da composición de exercizos ou pequenas obras, e adecuar estes procedementos coherentemente a premisas didácticas é a finalidade desta asignatura, que suporá aplicar os coñecementos adquiridos nos anos anteriores, especialmente os referidos á práctica harmónica e á análise.

1.1 *Fundamentación legal*

As bases legais empregadas na realización desta programación parten da Lei Orgánica de Educación (LOE) de 2/2006 de 3 de maio, desenvolada polo Real Decreto (RD) 1577/2006 de 22 de decembro, seguindo a terminoloxía do Decreto 203/2007, de 27 de setembro e pola Orde de 23 de setembro de 2008.

O R.D.1577/2006, de 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, determina no seu artigo 5.4º que as administracións educativas fomentarán a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a súa actividade investigadora a partir da práctica docente.

En consecuencia, o D. 203/2007, de 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música, dispón no seu artigo 8 cas materias optativas terán como finalidade complementar o currículo, integrando os itinerarios educativos que o alumnado desexe cursar; que lle corresponde á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a ordenación das materias optativas que serán de oferta obrigatoria para os centros; que os centros poderán incluír asignaturas optativas, de acordo co que a tales efectos estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; e que, en todo caso, as asignaturas optativas ofrecidas polos centros estarán vinculadas a un ou varios itinerarios determinados.

A finalidade da Orde de 23 de setembro de 2008 pola que se determinan as asignaturas optativas das ensinanza profesional de música, é regular a oferta e determinar a natureza das asignaturas optativas, que son as que permiten ó alumnado participar activamente na configuración do seu currículo académico, así como ir acotando o seu perfil profesional cara o nivel de especialización definitiva que ten lugar no grao superior destas ensinanza.

A continuación seguen os obxectivos, contidos e criterios de avaliación segundo a Orde do 23 de setembro, para a optativa “Técnicas de Composición Aplicadas á Didáctica”.

2 OBXECTIVOS XERAIS.

- a) Coñecer as técnicas compositivas e os procedementos básicos para a correcta elaboración de exercizos e pequenas composicións de carácter didáctico.
- b) Coñecer os elementos da linguaxe musical a as súas aplicacións na práctica compositiva.

- c) Analizar obras de carácter didáctico e artístico que sirvan como modelo para a realización de composicións.
- d) Utilizar en exercicios escritos os elementos e procedementos estudados.
- e) Compoñer pezas breves partindo dun motivo, dunha melodía ou dun texto dado.
- f) Desenrolar a creatividade na composición de pezas libres.
- g) Valorar os elementos da linguaxe musical utilizados na composición, aplicándoos de xeito lóxico e coherente.

3 CONTIDOS.

- a) O canon.
- b) A composición a tres voces.
- c) Escritura para instrumentos escolares.
- d) Contrapunto dobre.
- e) A melodía vogal.

Traballaranse, tamen, de forma aplicada, os contidos de Harmonía, Análise e Composición seguintes, como ferramentas para aplicar en casos prácticos.

- Modulacións.
- Aplicacións dos diferentes tipos de acordes.
- Elaboración de fórmulas rítmicas e cadenciais.
- Ritmo harmónico.
- A forma. Procedementos de imitación, elaboración e transformación temática.
- As notas alleas á harmonía.
- Fórmulas rítmicas na elaboración de células, motivos, semifrases e frases.

- A melodía: relacións interválicas, direccionalidade, rexistro e fraseo.
- Relación texto-música.
- A melodía acompañada.

3.1 *Secuenciación e temporalización dos contidos por avaliación.*

3.1.1 1ª avaliación:

O canon.

3.1.2 2ª avaliación:

A composición a tres voces. Os instrumentos escolares.

3.1.3 3ª avaliación:

O contrapunto dobre. A melodía vogal.

4 METODOLOXÍA.

4.1 *Modelo de aprendizaxe.*

O profesorado fará unha avaliación diagnóstica inicial para coñecer cales son as capacidades e os coñecementos previos do alumnado e os seus intereses, con vistas a abordar de forma progresiva a adquisición de aprendizaxes.

O modelo a empregar baséase na aprendizaxe significativa e constructivista. Isto tradúcese en primar os contidos procedimentais partindo do principio de que as cousas se aprenden facéndoas.

Tratarase de fomentar a creatividade innata do alumno a través da elaboración de composicións e exercizos. Ó longo do curso irase incrementando o hábito de compoñer a base de analizar e practicar, empezando por modelos fáciles para ir progresando cara a outros máis complexos.

4.1.1 Atención á diversidade.

O docente a través da posta en marcha de estratexias concretas e variadas intervén nos procesos de ensinanza-aprendizaxe como un proceso durante o que se fai preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade dos receptores.

A atención á diversidade é fundamental para intervir na aptitude, no ambiente sociocultural e familiar, na apreciación e valoración da asignatura e por conseguinte, na motivación do alumnado.

5 ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE)

As Administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.


Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os discentes que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por haberse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Tamén concirne a Administración establecer os procedementos e recursos precisos para identificar prontamente estas necesidades e que así a atención integral ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo se inicie desde o mesmo momento no que dita necesidade sexa identificada.

Corresponde ás Administracións educativas asegurar a participación dos pais/nais ou titores nas decisións que afecten aos seus fillos e adoptar as medidas oportunas para que os pais reciban o adecuado asesoramento individualizado.

6 AVALIACIÓN

6.1 *Criterios de avaliación*

- 
- a) Aplicar as técnicas compositivas e os procedementos básicos na elaboración de exercicios e pequenas composicións. Con este criterio de avaliación preténdese que o alumnado saiba utilizar as técnicas e procedementos estudados na creación de composicións propias.
 - b) Coñecer os elementos propios da linguaxe musical, así como as súas aplicacións na práctica compositiva. Con este criterio de avaliación comprobarase a capacidade do alumnado para seleccionar os elementos da linguaxe musical máis adecuados para cada momento da composición nos seus traballos.
 - c) Analizar obras de carácter didáctico e artístico prestando especial interese aos elementos da linguaxe musical presentes nelas. Mediante este criterio valorarase a capacidade de investigar e relacionar aspectos artísticos e didácticos da literatura musical analizada.
 - d) Utilizar correctamente, en exercizos escritos, os elementos e procedementos estudados. Este criterio pretende avaliar o grao de asimilación e posta en práctica das técnicas estudadas.

- e) Saber compoñer pezas breves partindo dun motivo, dunha melodía ou dun texto. Preténdese que o alumnado aborde a composición de pezas breves con destreza e coherencia a partir dos elementos dados.
- f) Mostrar creatividade na creación de pezas libres. Valorarase a iniciativa do alumnado á hora de afrontar o proceso creativo e o interese das súas propostas.
- g) Emitir xuízos críticos en canto á utilización dos elementos da linguaxe musical das composicións realizadas. Con este criterio de avaliación comprobarase a capacidade para valorar e poñer en común de xeito crítico e construtivo o emprego de elementos da linguaxe musical nas pezas compostas e analizadas.

6.2 Procedementos de avaliación.

As probas trimestrais consistirán en exames teóricos e traballos prácticos. Os exames teóricos constarán en saber realizar unha análise crítica dunha peza musical dende o punto de vista pedagóxico relacionándoo con outros parámetros como a interpretación, o estilo, a forma e a técnica compositiva.

Pódense substituír o exame teórico por exposicións orais nas que o alumnado, puidéndose axudar dun guión, resuma na clase para os compañeiros/as un libro dos que aparecen na bibliografía.

Os traballos prácticos serán os seguintes:

-Presentación dunha carpeta de traballos ou portafolios que inclúa unha elaboración de materiais didácticos feito ó longo do curso. Esta carpeta debe conter obras analizadas para tomar como modelo no momento de compoñer e métodos para instrumentos tamén analizados, así como esquemas ben estruturados da materia dada.

6.2.1 Mínimo esixible

- A consecución da composición de pequenas obras con intencións didácticas.

6.3 *Criterios de cualificación.*

A nota final será unha cualificación numérica do 1 ao 10, sen decimais, e calcularase a partires da nota media dos distintos traballos e exames realizados ao longo do curso. Para aqueles alumnos/as que acudan regularmente a clase e teñan dereito a avaliación continua, a nota media obtida nos exames suporá o 50% da nota final. A nota media dos traballos entregados suporá o outro 50%.

Para superar a materia os alumnos terán que obter unha nota final igual ou superior a 5.

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria poderá presentarse ao exame da avaliación extraordinaria.

7 BIBLIOGRAFÍA.

Copland, “What to Listen for in Music”, Ed. Signet Classics.

Messiaen, “Técnica de mi lenguaje musical”.

Schönberg, “Fundamentos de la composición musical”. Ed. Real Musical.

Webern, “El camino hacia la nueva música”. Ed. Nortesur Musikeon.

García Márquez, “Cómo se cuenta un cuento”. Colección de bolsillo de Mondadori, número 29.

Howard, “Aprendiendo a componer”. Ed. Akal, Entorno Musical, nº6.

Károlyi, “Introducción a la música del siglo XX”. Ed. Alianza Editorial.

Catalán, “Sistemas compositivos temperados del siglo XX”. Ed. Alfons El Magnanin. Diputación de Valencia.

